

## ARQUIPÉLAGO

## Poesía de Álvarez Blázquez “cunha rosa de outono na man”

23.02.2008

C. RODRÍGUEZ

Foi membro da denominada xeración de 1936, aquela que vería interrompida de maneira trágica tanto o proceso vital como a traxectoria literaria. Xosé María Álvarez Blázquez formou parte desa xeración de escritores, ensaístas e poetas que viviron con intensidade e crueza as circunstancias que envolveron a guerra e a posterior –e durísima– posguerra. Como afirma Xavier Rodríguez Baixeras: “a desaparición, a causa do asasinato –por exemplo o pai do poeta–, do exilio ou da represalia –el mesmo foi confinado nunha aldea zamorana– de moitas das mentes máis preclaras e comprometidas, así como a persecución á que foi sometida a lingua –xa de por si desprestixiada socialmente– foron factores determinantes para que, nos anos inmediatamente posteriores ao 39, a renovación de toda actividade en lingua galega se producise de xeito extremadamente cauteloso, tímido, esporádico”.

Sen obviar que no poeta coexiste unha liña de expresión popular e outra de carácter existencial e realista, cómpre non esquecer que o denominado imaxinismo, cunha evidente presenza da imaxe e da natureza animada, marca unha parte esencial da produción poética. Esa corrente (tamén denominada ‘hilozoísmo’, onde agroma unha natureza con vida propia en convivencia coa realidade vital do ser humano e que arranca da tradición literaria e do pensamento máis antigo) que acostuma asociarse á traxectoria de Luís Amado Carballo tamén está presente noutros poetas de importante percorrido como foron Iglesia Alvariño, Emilio Pita e Casado Nieto.

Cómpre lebrar que, como xa sucedeu en anos anteriores con outros escritores homenaxeados, a celebración das Letras Galegas cumpre unha dobre función: por unha banda recuperar e actualizar a vida e traxectoria literaria, artística, cultural dun autor puntual e por outra, representa un acto de xustiza e recoñecemento cun tempo, grupo, promoción, xeración... que consideramos fundamental para (re)coñecermos unha parte esencial das letras en galego. Así ocorre con Xosé María Álvarez Blázquez a que a Real Academia Galega dedica este 2008 e que vai centrar os actos máis importantes da celebración no vindeiro mes de maio. Para achegarnos a personalidade e a obra de creación poética en galego, a Editorial Xerais acaba de ofrecer este voluminoso Poesía galega completa (libro que mantén nos trazos básicos o denominador daqueloutra edición de 1987 que incluía un prólogo de Méndez Ferrín, unha presentación de Xosé María Álvarez Cáccamo e un epílogo de Emilio Álvarez Blázquez) en edición de Xavier Rodríguez Baixeras quen, ademais, presenta un amplo limiar onde se nos ofrece unha achega biográfica e bibliográfica do poeta quen, máis aló dos libros editados, deixou unha importante e interesante obra non recollida en volumes, dispersa en diferentes publicacións e mesmo inédita.

Hai máis de cincuenta anos, Álvarez Blázquez ofrecía en poucas palabras a esencia do que era a súa arte literaria a partir dunha moi persoal (auto)poética onde o escritor sincero e transparente falaba con verbas nidias: “Escribo poucos versos. Teño pra min que moitos poetas se perden por escribir de máis. A poesía precisa tamén da súa economía. Non me coido un gran poeta –¡Deus o fixera millor!–; pero sei que os que o foron de verdade escribiron pouco e amodo”.